



Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza-LUGO
Avda das Fontiñas, 180-Entrechán 27003 LUGO
Tfnos: 982,240,299
Correo electrónico: adegalugo@adega.gal

XXXX en representación da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza, -ADEGA-, e tamén en nome propio

EXPOÑO:

No pasado mes de maio, o concello de Begonte levou a cabo unhas obras para a realización dun **aparcadoiro** a carón da **Igrexa de Trobo** que inclúe no conxunto etnográfico un cemiterio e un cruceiro todos eles catalogados na proximidade tamén dun castro, no mesmo concello. As obras ubicadas nuns terreos cididos pola veciñanza catalogados como solo rústico (a prado), consistiron nun recheo con grava dun espazo aproximado de 900 m² de superficie e cunha altura de 1,2 m, para o que se construíu un muro de contención con cachotes de pedra de grandes dimensións, así como o **asfaltado** da mencionada superficie.

A información da que se dispón sinala que, no que se refire ao asfaltado, a execución das obras foron levadas a cabo polo concello e no referente ao recheo foi levado a cabo pola empresa "Transportes y excavaciones Antonio" (achégase reportaxe fotográfica).

Atendendo á lexislación hai que ter en conta o seguinte:

Primeiro: no preámbulo desta lei xa se fala do "importante papel que deben xoga-las corporacións locais en materia de patrimonio cultural, polo que recoñece expresamente as competencias que neste sentido lle determina a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local".

Segundo: Segundo o disposto no artigo 4 da Lei 8/1995, do Patrimonio Cultural de Galicia:

"1. Os concellos teñen a obriga de protexeren, defenderen, realzaren e daren a coñecer o valor cultural dos bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia que radiquen no seu término municipal.

"2. *Correspóndelles, así mesmo, adoptar, en caso de urxencia, as medidas cautelares*

necesarias para salvaguardar os bens do patrimonio cultural de Galicia que visen o su interese ameazado."

Terceiro: dacordo co que se dispón no artigo 32 da antedita Lei (8/1995, do Patrimonio Cultural de Galicia,

1.- A Consellería de Cultura deberá ser informada dos plans, programas e proxectos, tanto públicos coma privados, que pola súa incidencia sobre o territorio poidan implicar risco de destrucción ou deterioración do patrimonio cultural de Galicia.

2.- Para os efectos previstos no apartado anterior, a Consellería de Cultura deberá establecer aquelas medidas protectoras e correctoras que considere necesarias para a protección do patrimonio cultural de Galicia.

Cuarto: no artigo 25 indícase tamén o deber de conservar os elementos culturais.

2.- Os poderes públicos garantirán a protección, a conservación e o enriquecemento do patrimonio cultural de Galicia.

Quinto: en canto á súa protección tamén no artigo 54 fálase de que

Os bens inventariados ós que se refire o artigo 22.1 gozarán dunha protección baseada en evita-la súa desaparición, e estarán baixo a responsabilidade dos concellos e da Consellería de Cultura, que deberá autorizar calquera intervención que os afecte.

Por todo o exposto:

SOLICITASE:

1º Que se averigüe se os feitos relatados se corresponden coa realidade.

2º Información relativa á concesión das licenzas correspondentes para as obras efectuadas na contorna por parte dos distintos organismos competentes na materia.

3º Que de carecer delas que se tomen as medidas necesarias para que as actuacións se adapten á normativa vixente ou que se restitúa ao seu estado previo.

En Lugo, a 9 de setembro de 2015.

Asinado: XXX

**Á ATENCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO
CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO
CONSELLERÍA DE CULTURA - XUNTA DE GALICIA**